

actuación 3.2 "Completar el saneamiento del río Pexegueiro" do proxecto "Marisma proxecto medioambiental".

Tendo en conta que o ritmo real de pagamentos das diferentes execucións incluídas neste programa ata o día de hoxe, faise necesario adecuar a senda orzamentaria anual.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Facenda, estatística e Patrimonio eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Notificar o diferente ritmo de execución de gastos conforme ó anexo VI, adxunto a esta proposta.

Segundo.- Solicitar autorización para levar a cabo a modificación relacionada nos antecedentes desta proposta e plasmadas no mesmo anexo VI adxunto a esta proposta.

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2) e a abstención do PP (2), dictaminou favorablemente a proposta do Presidente da Comisión.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, sendo dezasete votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 7 do PP, 3 do BNG e 1 do PG) aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Patrimonio e Facenda, nos antecedentes transcrito.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a presente sesión, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se redacta a presente acta, da que, como Secretaria do presente acto, dou fe.-

Nº 10/2011

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 08 XUÑO 2011

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO - APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DE DATA 1 DE XUÑO DE 2011.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove trinta horas do día oito de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D^a. LAURA LAGO ALLER, D^a. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, D^a. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D^a. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, D^a. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D^a. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D^a. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, D^a. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ. Actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

Non asisten, excusando a súa ausencia, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 1179435

minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os puntos da Orde do Día.-

PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR DE DATA 1 DE XUÑO DE 2011.

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG), acorda prestar aprobación á acta da sesión celebrada con carácter extraordinario o día 1 de xuño.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a presente sesión, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se redacta a presente acta, da que, como Secretaria do presente acto, dou fe.-

Nº 11/2011

ACTA DE CONSTITUCIÓN DACORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 22 DE MAIO DE 2011

No salón de sesións da Casa do Concello de Redondela, sendo as doce horas do día 11 de xuño de 2011, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREX), e nos artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais, e á elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública os concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e sete de maio de dous mil sete, que son os seguintes:

Polo Partido Popular (P. P.):

JAVIER BAS CORUGEIRA

MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS

JOSE ALBERTO PAZOS COUÑAGO

MARIA TERESA PARIS BLANCO

ANA MARIA ALONSO ALONSO

JESUS CRESPO LOPEZ

MARIA JOSE BARCIELA BARROS

ERMINDA QUELLE FERNANDEZ

ARTURO GONZALEZ BARBEIRO

CANDIDO VILABOA FIGUEROA

Polo Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE):

EDUARDO JOSE REGUERA OCAMPO

LUIS ALBERTO ORGE MIGUEZ

ANTONIO CABALEIRO MILLARES

LETICIA GONZÁLEZ GUISANDE

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

ANTONIO VÁZQUEZ SACO